

**28 de xuño de 2022, Día Internacional do Orgullo ou
para a Liberación LGBTI+**

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL





O dereito a camiñar pola rúa sen medo, sen recibir insultos nin sufrir agresións por ser quen somos ou por ir da man da nosa parella. O dereito a que o noso posto de traballo sexa un espazo seguro, sen que a nosa orientación sexual sexa motivo de discriminación. O dereito a expresarnos e amosarnos tal e como somos no ámbito familiar, educativo ou nos espazos de lecer. O dereito ao recoñecemento da nosa identidade de xénero e da diversidade familiar por parte das administracións... Todos estes dereitos non son dereitos que viñesen dados a todas as persoas. Os colectivos LGBTI+ tiveron que loitar durante décadas para conseguilos, tanto no noso país como en todo o mundo, e aínda hoxe non están plenamente garantidos.

As mobilizacións sociais en defensa dos dereitos das persoas LGBTI+, iniciadas cos feitos de Stonewall en 1969 en Nova York, e na década dos setenta no noso país, contribuíron a ter un país máis xusto, mediante a concienciación social e o impulso dun marco normativo de protección dos dereitos humanos. A Lei 11/2014, do 10 de outubro, para garantir os dereitos de lesbianas, gais, bisexuais, transxéneros e intersexuais, e para erradicar a homofobia, a bifobia e a transfobia, foi un punto de inflexión para elaborar políticas públicas LGBTI+ en Cataluña, á vez que a despregadura en todo o territorio da Rede de Servizos de Atención Integral LGBTI+ permitiu atender e acompañar ás persoas que viron vulnerados os seus dereitos.

Máis recentemente, a Lei 19/2020, do 30 de decembro, de igualdade de trato e non discriminación, reforza as medidas para lograr unha protección real e efectiva contra calquera forma ou acto de discriminación ou de intolerancia por motivo da orientación sexual, a identidade ou a expresión de xénero das persoas. A futura lei trans* catalá, actualmente en elaboración, debe continuar o camiño cara á plena garantía de dereitos. Cuantos máis dereitos, máis xustiza, máis democracia. Os novos dereitos non restan outros dereitos alcanzados nin tampouco borran nada nin a ningún.

Facer valer as leis de igualdade en todos os ámbitos e desenvovelas coa máxima potencia é unha obrigaón de todos os poderes públicos. Éo aínda máis hoxe en día, fronte aos discursos de odio á diferenza e á reacción da extrema dereita contra os dereitos alcanzados. Como dixo Judith Butler respecto a estes grupos no acto de entrega do Premio Internacional Cataluña, o 27 de abril deste ano: «Que visión da nación é aquela que pode estar ameazada por quen persegue a igualdade, a liberdade, a xustiza, o fin das guerras, un futuro sen violencias ou o dereito de camiñar pola rúa sen medo?».



En Catalunya volveremos decir tantas veces como sexa necesario «Non pasarán!». Máis que nunca, as entidades e os poderes públicos do país defenderemos o dereito das persoas para vivir en liberdade, e traballaremos para acelerar un cambio social que só será posible se as políticas públicas feministas son transinclusivas, se as políticas LGBTI+ son feministas, e se todas estas políticas son tamén antirracistas e teñen en conta a idade ou a discapacidade.

Os dereitos das persoas LGBTI+ son parte da loita compartida pola defensa do dereito de todas as persoas a seren e a viviren libres de discriminacións e violencias. Xa sexamos persoas cis, trans* ou non-binarias e sexa cal for a nosa orientación sexual, esta loita debe concernirnos sempre, porque os dereitos se exercen e se garanten de maneira colectiva.

Apoio do Goberno ás reivindicacións das entidades que forman parte do Consello Nacional LGBTI

Con motivo do 28 de xuño, Día Internacional do Orgullo ou para a Liberación LGBTI+, o Goberno da Generalitat reafirma un ano máis o seu compromiso coa defensa dos dereitos das persoas LGBTI+ e empraiza a toda a cidadanía a participar nos actos e nas mobilizacións que estes días terán lugar en todo o territorio con todo o #Orgullo.

Así mesmo, o Goberno recolle as reivindicacións das entidades que integran o Consello Nacional LGBTI, o órgano colexiado constituído coma un espazo de participación cidadá superior en materia de dereitos e deberes das persoas LGBTI+ e como órgano consultivo das administracións catalás que inciden neste ámbito, sen prexuízo das funcións e competencias doutros órganos ou entes que a lexislación estableza.

Estas reivindicacións concréntanse en:

— Superar as dificultades que aínda atopan no Rexistro Civil as persoas trans* para cambiaren de nome ou as familias homoparentais para rexistraren a fillos e fillas.



- Instar o Goberno de España a considerar de maneira especial o dereito de asilo e a protección das persoas LGBTI+ que se atopan en situacións de vulnerabilidade nos países de orixe, e daquelas que non puideron acceder á regularidade administrativa, e que a Generalitat teña un papel decisivo na acollida de persoas LGBTI+ que cheguen ao país, recoñecendo as súas necesidades específicas.
- Continuar avanzando na formación específica do profesorado en materia de diversidade e da realidade LGBTI+, tamén no ámbito da educación física e a práctica deportiva, a fin de favorecer a creación de espazos seguros e de confianza para o alumnado LGBTI+.
- Dotar os Servizos de Atención Integral LGBTI+ (SAI) de máis recursos e levar a cabo campañas para dar a coñecer este servizo, co obxectivo de mellorar a atención e o acompañamento que ofrecen, así como as actuacións ante unha situación de LGTB-fobia.
- Garantirles ás mulleres lesbianas e homes trans* o dereito á reprodución asistida, e a redución das listas de espera neste campo. Continuar coa descentralización do Servizo Tránsito, coa creación progresiva dunha rede funcional de unidades de Tránsito de referencia territorial no ámbito da atención primaria e a saúde comunitaria de Cataluña que atende as persoas trans*.
- Mellorar o acceso á información das persoas do colectivo LGBTI+ con discapacidade sensorial ou física en igualdade de dereitos.
- Crear e administrar uns espazos inclusivos e seguros para as persoas maiores LGBTI+, así como fomentar a formación das persoas que traballan con persoas maiores e dependentes.
- Ter moi presente o mundo rural, onde as persoas do colectivo LGBTI+ se atopan máis invisibilizadas e dispersas, e contribuír a dispoñer de espazos de encontro, reforzar os servizos de apoio aos colectivos e promover actividades que axuden a visibilizalos desde a administración máis próxima.
- Dispoñer dun anteproxecto de lei trans* catalá para que poida ser debatido e aprobado no Parlamento de Cataluña.